

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT03	Guía, información e asistencia turísticas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0386	Procesos de guía e asistencia turística	2023/2024	6	105	105

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	NURIA MARTÍNEZ DE ALEGRÍA ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Nos últimos anos produciuse unha importante perda de emprego practicamente en todos os sectores produtivos agás no sector servicios, incluíndo a hostelería que experimentou un repunte. Por outra parte Galicia ven de converterse nun importante destino turístico, sendo a cuarta comunidade con maior oferta de establecemento de aloxamento e restauración. (Datos de novembro de 2010 Expogalacia)

Tamén é destacable que o Camiño de Santiago acadou unha transcendencia internacional que fai que aumenten ano a ano os visitantes na nosa comunidade.

Tendo en conta que o sector turístico galego é, o que máis contribúe ao PIB da nosa Comunidade, así como á creación de emprego, é evidente a necesidade de seguir formando profesionais de calidade que ocupen os postos que seguirá a demandar o mercado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	El guía y su entorno profesional	Caracterizar os servizos de asistencia e guía, e analiza os procesos derivados destas actividades	5	5
2	Técnicas de comunicación e de dinamización de grupos	Caracterizar los servicios de asistencia y guía, y analizar los procesos derivados de estas actividades	10	10
3	Requisitos inherentes a os desplazamentos de viaxeiros	Describir los requisitos inherentes a los desplazamientos de viajeros, y analizar la normativa aplicable.	10	5
4	Procedementos de entradas e saídas de viaxeiros en terminales de transporte.	Analizar los procedimientos de entradas y salidas de viajeros en terminales de transporte y caracterizar los protocolos de actuación	10	10
5	Diseño de itinerarios, visitas e outros servizos	Diseñar itinerarios, visitas y otros servicios, analizar la información y aplicar la metodología de cada proceso teniendo en cuenta los tipos de guías	30	30
6	Procesos de asistencia e guía	Desarrollar las actividades de asistencia y guía, e identificar las fases y los procedimientos en cada caso	40	40

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	El guía y su entorno profesional	5

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os servizos de asistencia e guía, e analiza os procesos derivados destas actividades.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os principios éticos e deontolóxicos da profesión.
CA1.2 Descríbense as modalidades e os perfís profesionais da actividade de asistencia e guía de grupos turísticos.
CA1.3 Recoñécense os tipos de servizos e caracterízanse as funcións que se desenvolven en cada un.
CA1.4 Caracterízanse e relaciónanse os aspectos de calidade e atención á clientela nos servizos de asistencia e guía.
CA1.5 Interpretáronse as disposicións legais que afecten a actividade de asistencia e guía.
CA1.6 Identifícanse as principais asociacións e os colexios profesionais, así como as súas funcións.

4.1.e) Contidos

Contidos
Deontoloxía profesional.
Calidade do servizo de asistencia e guía.
Figuras profesionais: caracterización de cada unha.
Servizos de asistencia e guía. Funcións do guía en cada caso.
Regulación da actividade profesional.
Normativa europea, estatal e autonómica.
Regulación do acceso á condición de guía.

Contidos
Asociacións e colexios profesionais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Técnicas de comunicación e de dinamización de grupos	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica e analiza as técnicas de comunicación e de dinamización, en relación cos tipos de grupos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse as fases no proceso de comunicación do guía con grupos de visitantes, e prevíronse as dificultades propias no devandito proceso.
CA4.2 Descríbense e aplicáronse técnicas de habilidades sociais e de comunicación non verbal propias da actividade de asistencia e guía de grupos.
CA4.3 Expresouse oralmente, de xeito directo ou con outros medios de amplificación, con ton, ritmo, volume de voz e expresión xestual adecuados á situación.
CA4.4 Identifícaronse e aplicáronse na práctica os principais elementos das técnicas narrativas e de interpretación patrimonial.
CA4.5 Descríbense os comportamentos que se poden achar en grupos de viaxeiros e identifícaronse os problemas de relación que presentan.
CA4.6 Identifícaronse e aplicáronse as técnicas de dinámica de grupo, motivación e liderado aplicables á asistencia e á guía de grupos turísticos en diferentes ámbitos de traballo e con diversos tipos de grupos.
CA4.7 Planifícaronse programas e actividades de animación e lúdico-recreativas dependendo do servizo e das características do grupo.

4.2.e) Contidos

Contidos
Comunicación no servizo de asistencia e guía: fases. Habilidades sociais e técnicas de comunicación específicas para a actividade de asistencia, acompañamento e guía de grupos turísticos. Técnicas narrativas aplicables nos procesos de comunicación do guía de turismo: guión, forma e expectativas formais, personaxes e acción, tempos narrativos, punto de vista, etc. Metodoloxía para a interpretación de recursos culturais e naturais: principios e aplicacións. Grupos turísticos: caracterización. Dirección e liderado de grupos: concepto, enfoques e aplicación. Técnicas de dinamización de grupos en diferentes ámbitos e segmentos. Programas de animación e actividades lúdico-recreativas en ruta.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Requisitos inherentes a os desplazamentos de viaxeiros	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Describe os requisitos inherentes aos desprazamentos de viaxeiros, e analiza a normativa aplicable.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícase e interprétase a normativa sobre movemento de viaxeiros en fronteiras e alfándegas.
CA3.2 Identifícanse as principais divisas e caracterízase a operativa do troco e o movemento de divisas.

Criterios de avaliación
CA3.3 Descríbense as funcións e os servizos que prestan os consulados e as embaixadas.
CA3.4 Identifícanse e descríbense os posibles riscos para a seguridade e a saúde da poboación viaxeira en determinados destinos, así como os trámites sanitarios esixidos en cada caso.
CA3.5 Identifícanse e descríbense as prestacións dos seguros de viaxes, as cláusulas das pólizas e as exclusións, así como o procedemento en caso de continxencias.
CA3.6 Recoñécense as diferenzas relixiosas e culturais, así como outras consideracións que cumpra ter en conta en determinados destinos.
CA3.7 Utilízanse diversas fontes para a obtención de información de utilidade a viaxeiros.

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Viaxeiros, viaxeiros en tránsito, fronteiras e alfándegas.</p> <p>Aspectos legais e documentación.</p> <p>Moeda e divisa: normativa internacional e comunitaria sobre cambio e movemento de moeda.</p> <p>Consulados e embaixadas: funcións e servizos.</p> <p>Saúde e seguridade nas viaxes.</p> <p>Riscos sanitarios e doutra índole. Vacinación profiláctica. Seguros de viaxes.</p> <p>Actitudes do viaxeiro en determinados destinos ante a relixión, a cultura e as tradicións.</p> <p>Fontes de información de utilidade para o viaxeiro.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Procedementos de entradas e saídas de viaxeiros en terminales de transporte.	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Controla procedementos de entradas e saídas de viaxeiros en terminais de transporte caracterizando os protocolos de actuación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Descríbense e caracterízanse as tipoloxías de terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.2 Descríbense as instalacións, o persoal e o funcionamento básico das terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.3 Descríbiuse o contido dun plan de seguridade en terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.4 Enumeráronse e definíronse as operacións e os trámites que deben efectuar os viaxeiros nas terminais de saída e chegada, segundo o medio de transporte.
CA6.5 Caracterízanse os procedementos de facturación, embarque e recollida de equipaxes tendo en conta as características específicas das mercadorías e de cada terminal.
CA6.6 Analízanse os dereitos e as obrigas dos viaxeiros nos medios de transporte, así como os das empresas transportistas.
CA6.7 Descríbense e caracterízanse os procesos nos puntos de información turística e atención á clientela nas terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.8 Descríbense e caracterízanse os servizos de reserva, venda e emisión de títulos de transporte en diferentes medios, usando as aplicacións informáticas específicas.
CA6.9 Identifícanse as actividades complementarias que o guía pode realizar no ámbito das terminais de transporte de viaxeiros.
CA6.10 Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela e a xestión da calidade.

4.4.e) Contidos

Contidos
Terminais e medios de transporte: características, instalacións, organización e funcionamento básico. Plan de seguridade.
Dereitos e obrigas de viaxeiros e transportistas.

Contidos
Procedemento de facturación. Normas de seguridade e documentación. Mercadorías perigosas e animais vivos. Procedemento de embarque. Recollida de equipaxes. Protocolos de actuación en caso de incidencias. Reserva, venda e emisión de títulos en terminais de transporte. Outras operacións en terminais de transporte: Información turística. Información da compañía. Asistencia a colectivos con necesidades específicas: pasaxeiros con mobilidade reducida, situacións de dependencia e menores non acompañados. Tratamento de incidencias. Aplicacións informáticas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Deseño de itinerarios, visitas e outros servizos	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña itinerarios, visitas e outros servizos, analiza a información e aplica a metodoloxía de cada proceso tendo en conta os tipos de guías.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os compoñentes da oferta turística dun ámbito territorial e temporal determinado.
CA2.2 Deseñáronse itinerarios, rutas e visitas a recursos turísticos caracterizando as fases e os métodos asociados a cada tipo de servizo, e utilizando cartografía impresa e dixital, así como as fontes documentais adecuadas, tendo en conta os criterios da plan
CA2.3 Xustificouse a viabilidade comercial, técnica e, de ser o caso, ambiental do itinerario, da ruta ou da visita deseñada.
CA2.4 Identifícanse as posibles dificultades para persoas con discapacidade ou necesidades específicas.

Criterios de avaliación
CA2.5 Caracterizáronse e seleccionáronse as estratexias adecuadas para adaptar a información ao perfil da persoa usuaria.
CA2.6 Caracterizouse a intermediación habitual do guía con prestatarios dos recursos e servizos turísticos e outros guías.
CA2.7 Seguíronse os protocolos establecidos para a xestión da documentación relativos ao rexistro, á emisión e ao arquivo, utilizando medios informáticos.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Deseño e programación dos tipos de servizos: metodoloxía, fases e análise de viabilidade.</p> <p>Cartografía impresa e dixital: mapas e planos.</p> <p>Accesibilidade nos recursos turísticos.</p> <p>Información adaptada a distintos perfís de usuarios e servizos.</p> <p>Intermediación do guía con outras entidades e profesionais do sector.</p> <p>Responsabilidades contractuais.</p> <p>Fontes documentais no deseño de itinerarios e visitas.</p> <p>Aplicacións informáticas e dispositivos electrónicos.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procesos de asistencia e guía	40

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Desenvolve as actividades de asistencia e guía, e identifica as fases e os procedementos en cada caso.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Comprobáronse as condicións dos recursos que cumpra utilizar (días de apertura, horarios, etc.), a dispoñibilidade do transporte e calquera outra información salientable para o desenvolvemento da viaxe, a ruta, o itinerario ou a visita.
CA5.2 Comprobouse a documentación de viaxe que lles achegan as axencias organizadoras ao guía e aos prestatarios dos servizos, tanto en soporte impreso como en dispositivos electrónicos.
CA5.3 Elaborouse un esquema operativo ou documento de xestión diario do itinerario que relacione os parámetros espazo-temporais do desprazamento coas exposicións e as actividades de xestión do guía.
CA5.4 Anticipáronse posibilidades de cambios por imprevistos na viaxe, na ruta, no itinerario ou nos diversos tipos de servizos.
CA5.5 Utilizouse cartografía impresa e dixital, así como sistemas de posicionamento e navegación por satélite, no desenvolvemento dos itinerarios.
CA5.6 Desenvolvéronse as exposicións adaptando a mensaxe en función do tipo de cliente e utilizando as técnicas adecuadas de comunicación, de interpretación patrimonial e de narrativa.
CA5.7 Elaborouse e ofreceuse un programa de visitas facultativas aplicando técnicas de venda.
CA5.8 Tivéronse en conta as condicións de accesibilidade e as barreiras arquitectónicas para persoas con necesidades específicas.
CA5.9 Descríbóronse e caracterizáronse os procesos de servizos a grupos en establecementos de aloxamento e de restauración: entradas e saídas, xestión de equipaxes, servizos de restauración, mostradores de recepción e información (hospitality desks), chamadas,
CA5.10 Descríbóronse as características do transporte discrecional de pasaxeiros por estrada, do tráfico rodado e do aparcamento de autobuses en cidades turísticas.
CA5.11 Desenvolvéronse as relacións interprofesionais prestando especial atención ás relacións entre guías locais, e guías e acompañantes.
CA5.12 Aplicáronse as técnicas para a autoavaliación da práctica profesional.
CA5.13 Tivéronse en conta os aspectos relacionados coa atención á clientela, a seguridade e a xestión da calidade.
CA5.14 Realizouse a factura tendo en conta as tarifas vixentes.
CA5.15 Aplicáronse técnicas para a xestión de situacións de tensión, resolución de conflitos individuais ou de grupo e de imprevistos.
CA5.16 Realizouse un informe de contixencias da viaxe ou do itinerario.
CA5.17 Realizouse un informe de avaliación dos prestatarios de servizos: transportistas, aloxamento e restauración, guías, etc.

Crterios de avaliación

CA5.18 Realizouse a liquidación económica de gastos e ingresos xerados na viaxe ou no itinerario coa axencia organizadora.

4.6.e) Contidos**Contidos**

Procesos de servizos de asistencia e guía en tránsito, visitas a recursos culturais e naturais, excursións, circuitos, rutas, itinerarios, etc.

0Técnicas de xestión do imprevisto.

Excursións facultativas e técnicas de venda.

Tarefas do guía na posviaxe: informes de continxencias do itinerario ou da viaxe; informes de avaliación dos prestatarios de servizos; liquidación de gastos e ingresos de viaxes e itinerarios.

Documentación asociada aos servizos de asistencia e guía: fichas de recursos, listaxes de asignación de habitacións (rooming-lists), bonos e expedientes, cadros de chegadas e saídas, cadros de provedores, follas de liquidación, etc.

Esquemas operativos e documentos de xestión diaria do itinerario.

Sistemas de posicionamento xeográfico e de navegación por satélite.

Procedementos de desenvolvemento do servizo. Fases e técnicas. Xestións previas, presentación, desenvolvemento e despedida.

Prestación de servizos a grupos turísticos en establecementos de aloxamento e de restauración.

Transporte discrecional de pasaxeiros por estrada: características; follas de ruta e tacógrafo; tempos de conducción.

Peculiaridades do tráfico rodado e do aparcamento en cidades turísticas: restricións e taxas.

Enquisas e autoavaliación: tipos e aplicacións.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. Mínimos exigibles:

Os mínimos exigibles son os reflectidos en cada unidade didáctica.

Probas escritas teórico - prácticas suporán o 30% do total da nota: Farase 1 probas escritas por avaliación de obrigado cumprimento valoradas de 1 a 10 puntos.

Todos aqueles que non poidan presentarse a estas probas por motivos alleos ao centro escolar, deberán recuperar as probas que a docente e o colectivo do alumnado consensúen ao respecto e que terán lugar no mes de xuño.

A copia ou a sospeita fundamentada de copia por parte dun alumno que sexa observada por parte do profesor durante a realización da proba conlevará un cero na proba teórico práctica.

Actividades didácticas desenvoltas ao longo do curso académico suporán o 70%: Estas actividades son de obrigado cumprimento. Valorarase tanto o contido da mesma como a exposición segundo os criterios presentados na aula pola profesora. Non se aceptarán actividades fóra da data marcada como límite na aula. Aqueles alumnos e alumnas que non acudan a clase cando se programan as actividades terán a responsabilidade por sí mesmos de informarse ao respecto sobre os contidos das actividades ou as datas de entrega.

Aqueles alumnos que non presenten unha determinada actividade poderán ser avaliados da mesma no momento que a profesora considere oportuno, previo consenso co alumno/a e de xeito oral e/ou escrito.

Algúns dos criterios de avaliación das actividades didácticas temos os seguintes:

- Cumprimento do establecemento nas directrices da aula e do centro.
- Participación activa nas actividades propostas a desenvolver
- Respeto pola docente e por o resto de compañeiros/as
- Emprego dun vocabulario ético e moral, axeitado ao lugar onde se atopa o alumnado e a docente
- Emprego de vocabulario técnico a aplicar nas diferentes actividades propostas
- Entrega en fecha y forma los proyectos y presentaciones.
- O cuidado e orden dos recursos á súa disposición
- Dispor do material preciso para o desenvolvemento das tarefas encomendadas
- Disposición corporal adecuada na aula e atención activa na presentación das actividades.
- Decoro e hixiene personal acorde ao ámbito profesional onde desenvolverán a súa carreira

IMPORTANTE: O incumprimento das directrices aprobadas polo departamento de turismo ao inicio do curso e das cales os alumnos e alumnas son informados ao comenzo do curso pola titora do grupo, conlevará un parte de aula. Tres partes de aula conlevará una expulsión temporal do centro educativo

Para superar o módulo o alumnado deberá obter como mínimo 5 puntos sobre 10 nas probas teórico prácticas e nas tarefas realizadas.

Todas as actividades e tarefas pódense facer tanto na aula, como on line. Desde o inicio do curso, todo o material do módulo, tanto teórico como práctico, colgarase na páxina virtual do centro para o seguimento dos alumnos. As entregas das actividades e traballos realizarase na páxina virtual do centro.

As probas escritas teórico-prácticas, poderanse facer tanto na aula como on line, en función das necesidades do momento.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As probas escritas serán recuperadas cunha proba teórico-práctica (escrita ou oral) cando o considere a profesora en cuestión e previo consenso co alumnado. É preciso destacar que as actividades de recuperación non van encamiñadas a mellorar a nota obtida no desenvolvemento das actividades ordinarias senón que só sas realizarán aqueles que non poideran acadar os resultados mínimos exixidos nas probas ordinarias. As actividades didácticas desenvolvidas non serán obxecto de recuperación directa senón que serán avaliadas e analizadas entre os alumnos e alumnas que non as superen e a profesora co fin de encamiñalas e aclaralas debidamente de xeito oral ou escrito. De todos os xeitos, estas actividades son de carácter obrigatorio para todos e todas, o que supón que aqueles que non as entreguen poderán ser avaliados das mesmas en calquer momento.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumno que acade un número de faltas sen xustificar superior o 10% da duración do módulo perderá o dereito a avaliación continua, non podendo examinarse por avaliacións parciais, tendo dereito a realizar unha avaliación final antes do período de FCT, nun único exame. Este terá preguntas teóricas e prácticas das dúas avaliacións. Para aprobar este exame é requisito imprescindible obter unha nota mínima de cinco. Ademais para a determinación da cualificación da proba computará un 40% os contidos conceptuais e un 60% os procedementais. Ademais o alumno deberá elaborar, entregar e expoñer o seu proxecto solicitado polo profesor, a falta de entrega de dito proxecto no período establecido determinará a imposibilidade de superar a materia.

ALUMNADO PROMOCIONADO A SEGUNDO CURSO CO MÓDULO DE PROCESOS DE GUIAS PENDENTE:

O alumnado que esté nesta situación, deberá porse en contacto coa docente ao inicio do curso (tal como se lle reflectiu no informe individualizado que se lle entregou en xuño do curso pasado) para consensuar as actividades e tarefas que deba entregar previo exame extraordinario do módulo en marzo.

A estos alumnos, seranlle de aplicación os mesmos criterios de avaliación que ao resto do alumnado matriculado no módulo e que foron descritos no punto 5 desta programación.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento de programación farase regularmente cada día, cubrindo os modelos obxecto da mesma: o modelo de seguimento de avaliación semanal e mensual.

Ao remate de cada unidade didáctica o profesor levará a cabo unha análise do grao de cumprimento da programación: consecución dos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación, contidos, secuenciación, tarefas do profesor e dos alumnos e instrumentos e criterios de avaliación.

No caso de observarse desviacións con respecto aos obxectivos definidos nesta programación levaranse a cabo rectificacións baseadas en xustificacións razoadas..

Respecto da avaliación docente, ésta farase mediante a enquisa ao alumnado que terá carácter trimestral e onde se indica a satisfacción do alumno e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias de acordo con xefatura de estudos e o titor/a de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso a profesora facilitará ao alumnado un cuestionario con preguntas abertas sobre aspectos xerais relacionados co módulo, trátase de avaliar os coñecementos previos que os alumnos posúen sobre a materia obxecto de estudo. Ademais durante as primeiras semanas do curso prestarase especial atención a participación do alumnado nas clases e as dificultades que poidan atopar.

As conclusións acadadas sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os membros do departamento entenden que se poden aplicar as seguintes medidas:

Alumnado procedente doutros países ou realidades sociodemográficas:

-Utilizar como temática das tarefas de clase as costumes, hábitos, gastronomía, recursos naturais, etc. , dos seus países, seguida dun coloquio, onde o resto dos alumnos pregunten cuestións que lles axuden para o coñecemento dos mesmos. O profesor exercerá o papel de moderador.

-Facer fincapé nos hábitos cotidiáns tales como celebracións de festas e perí-odos vacacionais.

-Facilitar a inmersión na cultura galega e española , mediante a orientación sobre documentación e a implicación en tarefas e traballos sobre as citadas realidades.

Alumnado con problemas de asistencia, adaptación metodolóxica; ritmo de aprendizaxe; retraso na chegada o aula, ou semellantes:

-Facilitar apoio e acceso as aulas técnicas durante os horarios de descanso como recreos, etc.

-Estudiar a posibilidade de que poidan levar algún material do centro, tales como ordenadores portátiles, para acabar as tarefas pendentes.
espazos de Novas tecnoloxías.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

EDUCACIÓN PARA LA PAZ

-Traballamos en grupo intentando no discutir, respetarnos e chegar a acordos.

-Adoptamos unha actitude aberta e flexible al propondor e desenvolver as nosas propias ideas o ter proxectos abertos.

-Aceptamos as ideas, os traballos e as solucións dos demais con espírito tolerante e de cooperación.

-Tenemos normas específicas de convivencia que consensuamos o principio do curso

EDUCACIÓN AMBIENTAL

-Limpiamos, recolleamos e ordenamos a aula-taller en todas as clases.

-Usamos para a construción dos nosos proxectos materiais reciclados sempre que se poida.

EDUCACIÓN MORAL Y CÍVICA

-Eleximos democrática e equilibradamente os equipos de traballo

-Mostramos interese o respecto hacia as solucións tecnolóxicas adoptadas por outras persoas e culturas para resolver os seus problemas.

-Establecemos normas de convivencia por consenso na aula-taller.

EDUCACIÓN PARA LA SALUD

-Participamos activamente na consecución dun lugar de traballo ordenado e un Ambiente sano e agradable limpiando e recollendo despois de cada sesión.

EDUCACIÓN PARA LA IGUALDAD ENTRE SEXOS



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a Feiras do sector

Visitas guiadas realizadas por profesionales e por parte do alumnado

Visitas de profesionales en el aula

Visitas a diferentes empresas do sector

Sen perxuízo de que se poidan realizar outras actividades.